

Resolución da xerencia do 22 de maio de 2024 pola que se aproban e publican as bases da convocatoria para a elaboración dunha listaxe de espera para cubrir temporalmente postos da escala técnica superior de administración da Universidade de Santiago de Compostela, subgrupo A1, definidos na relación de postos traballo de persoal funcionario con requisito de idiomas.

O xerente, no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen por resolución reitoral do 21 de abril de 2022, resolve convocar proceso de selección, con suxeición ás seguintes

BASES DA CONVOCATORIA

1. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES:

1.1. Para seren admitidas, as persoas aspirantes deberán posuír os seguintes requisitos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- a) Posuír a nacionalidade española ou a dalgún estado membro da Unión Europea ou país estranxeiro nos termos previstos no artigo 52 da Lei de emprego de Galicia.
- b) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión de titulación universitaria oficial de: grao, doutor, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título.
- d) Será requisito indispensable para o ingreso, ter acreditada a aptitude médica para o desempeño. Para estes efectos, a persoa aspirante declara ao facer a solicitude de participación no proceso selectivo, que nesa data posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto e que non padece enfermidade física nin psíquica que lle impida realizar o traballo propio da escala á que se pretende incorporar.
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado/a para o desempeño das funcións públicas.
- f) Aboar os dereitos de exame conforme ao procedemento que se indica na base 2 desta convocatoria.

2. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

2.1. As persoas que desexen participar nesta probas selectivas deberán formalizar a súa solicitude así como aboar a taxa correspondente, unicamente por medios electrónicos. Para iso empregarase exclusivamente o formulario electrónico habilitado ao respecto que figura no catálogo de procedementos da sede electrónica da USC:

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/108/ver.htm>

No momento de formalizar a súa solicitude as persoas aspirantes deberán acompañar a documentación que proceda segundo as bases da convocatoria.

2.2. Para a presentación de solicitudes, as/os aspirantes deben posuír un destes medios de identificación electrónica válidos:

- No caso de persoal da USC: credenciais corporativas
- No caso de persoal alleo á USC: certificados persoais clase 2CA, certificados incluídos no DNI electrónico ou claves concertadas do sistema CI@ve.

2.3. O prazo para presentar solicitudes será desde **o día 27 de maio de 2024 ata o día 3 de xuño de 2024**.

2.4. Documentación:

2.4.1. A solicitude presentarase acompañada da seguinte documentación:

- Certificado de coñecemento de lingua galega (Celga 4 ou equivalente). As persoas aspirantes que non presenten esta acreditación deberán realizar a proba de lingua galega prevista no anexo I.
- Acreditación do nivel C1 de inglés segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER). As persoas aspirantes que non presenten a acreditación referida deberá realizar a proba prevista no anexo I.

As/os aspirantes que teñan ou tivesen expediente administrativo como PAS na USC estarán exentos/as de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa probados para obter a súa anterior contratación ou nomeamento, debendo presentar unicamente a documentación requirida para este procedemento que non se atope debidamente acreditada no seu expediente persoal.

As persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar:

- O documento que acredite a súa nacionalidade e, se é o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo.
- Declaración ou promesa da persoa aspirante de que non está separada de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que vive ás súas expensas ou está ó seu cargo.
- De conformidade co disposto na base 8 da convocatoria, as persoas aspirantes que estean exentas de realizar a proba previa de acreditación do coñecemento do castelán, xuntarán para tal efecto fotocopia compulsada dos diplomas de español como lingua estranxeira nivel B2, C1, C2 ou equivalente. De non achegar esta documentación, non poderán ser declaradas exentas, polo que deberán realizar a proba á que se refire a base 8.

2.5. Os dereitos de exame serán de 18,40 euros. Para realizar o seu ingreso empregárase un dos seguintes medios accesibles dende o formulario de inscrición:

- Aboamento con tarxeta bancaria a través da pasarela de pago do formulario.
- Aboamento presencial nunha oficina de Abanca presentando a folha de liquidación que se deberá imprimir, unha vez realizada a inscrición no proceso selectivo, e que non precisará comunicación posterior do pagamento por parte da persoa interesada.

2.5.1. De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial

Do 50 % do importe da taxa:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses inmediatamente anteriores á data de publicación da convocatoria das probas selectivas nas que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

2.5.2. As circunstancias de exención e bonificación deberán ser acreditadas, segundo o suposto que corresponda, presentando xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo a seguinte documentación:

- Persoas con discapacidade: certificado do grao discapacidade.
- Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.
- Demandantes de emprego:
1º Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante, na data de presentación de solicitudes, figura como demandante de emprego desde, polo menos, seis meses inmediatamente anteriores á data de publicación desta convocatoria.

2º Certificación expedida polo Servizo Público de Emprego na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non está a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

2.5.3. Serán excluídas todas aquelas persoas aspirantes que non aboan os dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes e non se concederá ningún prazo adicional para o seu aboamento.

2.5.4. Unicamente procederá a devolución dos dereitos de exame ás persoas aspirantes que sexan excluídas por causas non imputables a elas. Para tal efecto, o reintegro realizarase de oficio, para o que terán que facer constar a entidade

bancaria e o seu número de conta no recadro que figura na solicitude. De non figuraren estes datos, entenderase que renuncian á devolución dos dereitos de exame.

- 2.6. Os/as aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% poderán solicitar no formulario de inscrición do proceso selectivo, a adaptación de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios, reflectindo con claridade as necesidades que ten o/a candidato/a de adaptacións específicas e o seu motivo.
- 2.7. No formulario de solicitude as/os aspirantes deberán asinar a declaración responsable que figura no documento, pola cal manifestan estar en posesión dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria e comprométese a achegar a documentación que nela se indica.
- 2.8. Se a persoa aspirante desexa recibir avisos das notificacións que a USC poña a súa disposición, é imprescindible que indique no apartado de "Medios de aviso de notificación" do formulario, o teléfono e enderezo electrónico válidos. As notificacións electrónicas realizaranse por comparecencia en sede electrónica, para o acceso á cal se empregarán os medios de identificación que se indican na base 2.2.

3. ADMISIÓN DE SOLICITUDES

- 3.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no taboleiro electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>, e na páxina web <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado> a resolución coa listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.
- 3.2. Para reparar os defectos que motivaran a exclusión ou omisión da devandita listaxe, as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución nos lugares indicados no apartado anterior.
- 3.3. Para emendar a exclusión ou omisión cubrirase o formulario de emendas do catálogo de procedementos na seguinte ligazón: <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/108/ver.htm> para o que o/a aspirante debe empregar os medios de identificación e sinatura que se indican no apartado 2.2. desta convocatoria.

4. LISTAXE DEFINITIVA.

Rematado o prazo para reparar os defectos que motivaron a exclusión ou omisión das persoas aspirantes, publicarase nos lugares indicados no punto 3, a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas así como o lugar, data e hora da realización do primeiro exercicio.

O feito de figurar na listaxe de persoas aspirantes admitidas, non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

5. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección terá a categoría primeira de conformidade cos grupos de clasificación para asistencias establecidos no Regulamento de indemnizacións por razón de servizo, aprobado en Consello de Goberno do 29 de decembro de 2020. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao xerente da universidade, cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Tribunal titular

Presidente:

- Alba Cachafeiro Requeijo, funcionaria de carreira da escala técnica superior de administración da USC.

Vogais:

- Sonia Cordido Méndez, funcionaria de carreira da escala técnica superior de administración da USC.
- Ignacio Miguel Palacios Martínez, catedrático de universidade da USC.
- Alberto Mariño Ruza, funcionario de carreira da escala técnica superior de administración da USC.

Secretario:

- Rubén Regueira Gay, directivo profesional da USC, que actuará con voz e voto.

Tribunal suplente:

Presidente:

- María Isabel Casal Reyes, funcionaria de carreira da escala facultativa de arquivos, bibliotecas e museos da USC.

Vogais:

- Luis Míguez Macho, catedrático de universidade da USC.
- Jorge Sacido Romero, profesor titular de universidade da USC.
- Elsa Mosquera Barcia, funcionaria de carreira da escala técnica superior de administración da USC.

Secretaria:

- Silvia María Moreira Figueiras, funcionaria de carreira da escala técnica superior de administración da USC, que actuará con voz e voto.

6. FUNCIONES A DESENVOLVER

Baixo a dirección da/o xefa/e correspondente, realizará tarefas de colaboración e xestión en materia administrativa que sexan competencia do Servizo/Unidade á que estea adscrito/a, ao obxecto de asegurar a adecuada xestión dos asuntos, expedientes, procesos e procedementos encomendados.

7. PROGRAMA

1. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
3. A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario.
4. Os Estatutos da USC.
5. A organización das ensinanzas universitarias oficiais: grao, máster e doutoramento. Regulamento sobre dobres titulacións e simultaneidade de ensinanzas oficiais na USC. O sistema europeo de créditos (ECTS).
6. Os programas de intercambio universitario (convenio bilateral, SICUE, Erasmus+ KA131, Erasmus+ KA171) para estudantado, PDI e PTXAS. Outros programas europeos (a iniciativa *Universidades Europeas*). O Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE). O Regulamento de intercambios universitarios da USC. O Plan de Internacionalización da USC 2024-2026.
6. Texto refundido do Estatuto básico do empregado público. A lei do emprego público de Galicia.
7. A selección de persoal da Universidade de Santiago de Compostela.
8. Persoal docente e investigador (PDI) funcionario e laboral: clases. A regulación da contratación do persoal docente universitario na Comunidade Autónoma de Galicia e na Universidade de Santiago de Compostela.
9. A regulación dos RRHH de investigación na Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
10. A Lei de contratos do sector público. Obxecto e ámbito de aplicación. Contratos do sector público. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público.
11. Texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia. Principios xerais, recursos e obrigas.
12. O Regulamento de xestión orzamentaria da USC. Os ingresos da USC. O sistema de financiamento da Universidade.
13. A Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación. Disposicións xerais. Gobernanza.
14. Lei de fomento da investigación e da innovación en Galicia. Sistema galego de investigación e innovación. O Plan galego. Proxectos IDI.
15. Espazo Europeo de Investigación. Programa de Investigación e Innovación da Unión Europea. Horizonte H2020. Estrutura xeral. Mecanismos de participación. Modalidades de financiamento.

16. A estratexia HRS4R. A Carta Europea do Investigador e o código de conduta para a contratación de investigadores

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

- 8.1. A orde de actuación das persoas aspirantes iniciárase alfabeticamente pola primeira da letra “H”, de conformidade co establecido na resolución do 31 de xaneiro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- 8.2. O tribunal adoptará as medidas precisas para que as persoas aspirantes ás que se refire o apartado 2.6 participen en condicións de igualdade. Para tal efecto, o órgano de selección poderá requirir un informe e, se é o caso, a colaboración dos órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou de asuntos sociais. Para valorar a procedencia da concesión das adaptacións solicitadas, requirirase da persoa aspirante, o correspondente certificado ou información adicional. A adaptación non se outorgará de forma automática, senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba que se vaia realizar.
- 8.3. Antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobados os criterios de avaliación e corrección que publicará no taboleiro electrónico da USC e na web <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>
- 8.4. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal para que acrediten a súa identidade.
- 8.5. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en único chamamento, e serán excluídas do proceso de selección as que non comparezan, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e considerados polo tribunal.
- 8.6. A publicación dos sucesivos anuncios de celebración dos demais exercicios efectuarase nos locais onde se realizara o anterior e nos sitios indicados no punto 3.1.
- 8.7. Para os efectos de cómputo de prazos desta convocatoria, o mes de agosto declárase inhábil.
- 8.8. Acreditación da competencia en lingua castelá.

Con carácter previo á realización do proceso de selección, as persoas aspirantes de nacionalidade estranxeira deberán acreditar o coñecemento da lingua castelá realizando unha proba, na que se comprobará que posúen un nivel axeitado de comprensión e expresión oral e escrita nesta lingua.

O contido desta proba axustarase ao disposto no artigo 3 do Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE) para acreditar o nivel de competencia lingüística do diploma de español correspondente ao nivel intermedio. A proba cualificarase de apto ou non apto, e será

necesario obter a valoración de apto para pasar a realizar os exercicios do proceso selectivo.

Quedan eximidas de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten conforme se indica na base 2, que están en posesión do diploma de español como lingua estranxeira, nivel B2, C1, C2, ou equivalente e as/os nacionais de países cuxo idioma oficial sexa o español.

8.9. O sistema selectivo constará das seguintes fases:

I.-Fase de exercicios: constará dos seguintes exercicios que serán obrigatorios e eliminatorios, agás a exención prevista na descrición do primeiro exercicio.

Primeiro exercicio:

Estarán exentas de realizaren este exercicio as persoas aspirantes que acrediten documentalmente, xunto coa solicitude, estaren en posesión da acreditación do nivel C1 de inglés segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER).

Este exercicio terá a seguinte estrutura:

Exame escrito

Constará das seguintes partes:

- Comprensión auditiva (escoitar): escoitaranse dúas veces dous diálogos, descricións ou narracións e contestarán a continuación algunhas preguntas. O número máximo de ítems será de 20. As preguntas poderán presentar os formatos seguintes: tipo test, verdadeiro/falso, transformación de oracións, encher ocos, preguntas de comprensión, etc.
- Comprensión lectora (ler): leranse dous textos de vocabulario non técnico e a continuación responderán varias preguntas. Poderá incluír as seguintes microdestrezas: comprender a idea principal e as secundarias, identificar e comprender detalles relevantes e comprender argumentos e instrucións. O número máximo de ítems será de 20. As preguntas poderán presentar os formatos seguintes: tipo test, verdadeiro/falso, transformación de oracións, encher ocos, preguntas de comprensión, etc.
- Produción escrita (escribir): desenvolveranse transformacións de oracións mantendo o significado do texto orixinal. Tamén se lles dará un texto para que o completen coa palabra ou expresión axeitada de acordo co contexto. O número máximo de ítems será de 20.

A duración da totalidade do exame escrito non excederá 2h e 30 minutos.

Para acadar a cualificación de APTO haberá que superar o 50% en cada unha das destrezas. Será necesario acadar a cualificación de APTO para realizar a proba oral.

Exame oral:

Consistirá en 4 partes:

- Preguntas de carácter xeral e persoal desenvolvidas de xeito interactivo entre o número de candidatos/as que se determine previamente.
- Desenvolvemento de comunicación oral a través de soportes visuais (debuxos, fotografías ou gráficos asociados a títulos de prensa).
- Desenvolvemento de comunicación oral baseada nun texto que servirá como punto de partida para unha conversa breve entre os/as examinandos/as.
- Preguntas de carácter xeral formuladas pola persoa examinadora relativas ás cuestións debatidas na parte anterior.

A duración desta parte non excederá 20 minutos. O exame oral poderá ser gravado en formato audio.

A valoración deste exercicio será de apto ou non apto.

Segundo exercicio:

Estarán exentas de realizaren este exercicio as persoas aspirantes que acrediten documentalmente, xunto coa solicitude, estaren en posesión do certificado Celga 4 ou equivalente.

Este exercicio terá a seguinte estrutura:

Primeira proba. Comprensión escrita ou comprensión oral + expresión escrita.

As persoas aspirantes deberán redactar un texto seguindo unhas indicacións que se lle facilitarán por escrito. A elaboración do texto deberá basearse na comprensión dun texto escrito ou na comprensión dun fragmento de audio ou audio-vídeo.

A duración máxima desta proba será de 90 minutos.

Segunda proba. Comprensión escrita ou comprensión oral+expresión oral.

As persoas aspirantes deberán ler un texto ou escoitar un fragmento de audio ou audio-vídeo, e a seguir, nunha entrevista co persoal examinador, pediráselles que resuman o *input* e que manteñan un diálogo ao respecto do *input* recibido, de modo que poida ser avaliada a súa produción oral.

A duración máxima desta proba será de 15 minutos por cada persoa aspirante.

A valoración deste exercicio será de apto ou non apto.

Terceiro exercicio: consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 100 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con 4 respostas alternativas das que só unha será a correcta, propostas polo tribunal e correspondentes ao temario que figura no programa.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 105 minutos

Este exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo do 60% do total das respostas correctas. As respostas incorrectas penalizaranse descontando unha correcta, por cada catro respostas incorrectas.

As persoas aspirantes disporán de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da realización de cada exercicio, para presentar reclamacións ás preguntas formuladas polo tribunal no correspondente exercicio.

Así mesmo, as persoas aspirantes disporán de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións do exercicio correspondente, para presentar reclamacións ás cualificacións.

II.- Méritos

Coñecementos de linguas estranxeiras:

Valorarase o coñecemento da linguas recollidas no artigo 1.1 do Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as exigencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, establécese o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1,e Avanzado C2, das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos planes de estudos e as deste real decreto, ata un máximo de 20 puntos, do seguinte xeito:

- Nivel B2: 5 puntos
- Nivel C1: 10 puntos
- Nivel C2: 15 puntos

Exclúese o español como lingua estranxeira. Na lingua galega só se valorará o nivel C2. Só se computará o nivel máis alto dunha lingua.

III.- Entrevista

A entrevista versará sobre os aspectos do currículo relacionados cos coñecementos que posúe a persoa aspirante e con aquelas competencias necesarias para o desenvolvemento dos postos de traballo obxecto desta convocatoria. Realizarase en inglés e en francés ou alemán, en función da elección da persoa aspirante, que o deberá indicar no formulario de inscrición.

Este exercicio será cualificado como máximo con 30 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 15 puntos.

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma aritmética das puntuacións correspondentes á fase de exercicios e a entrevista.

Os empates nas puntuacións resolveranse a favor da persoa aspirante que obtivese unha maior puntuación no segundo exercicio, e se isto non fose suficiente, pola maior idade e a letra establecida na base 8.1, por esta orde ata que se resolva o empate.

9. PUBLICACIÓN DA PROPOSTA E RECLAMACIÓNS

- 9.1. A proposta provisional de listaxe de espera formulada polo tribunal de selección, publicarase no taboleiro electrónico da USC e na páxina web <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>
- 9.2. Contra esta proposta, as persoas aspirantes poderán presentar reclamación perante o tribunal no prazo máximo de 3 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación no taboleiro electrónico, a través do rexistro de entrada electrónico da USC <https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrada/acceso.htm>, para o que o/a aspirante debe empregar os medios de identificación e sinatura que se indicaron no apartado 2.2.
- 9.3. Rematado o prazo sinalado no punto anterior sen terse presentado reclamacións, ou unha vez que foron resoltas, o tribunal elevará ao xerente a proposta definitiva de persoas aspirantes que conforman a listaxe de espera, e publicarase nos lugares indicados no parágrafo anterior.

10. DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
O xerente
Antonio Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22/05/2024 14:39:41.

CSV: C1E2-6B94-4D01-B340